

# Manaia, 18 anos traballando a prol da adopción e acollemento en Galicia

**A asociación** naceu en 2006 e a día de hoxe conta con máis de 120 familias asociadas, ao tempo que presta asesoramento a preto de 400 nas catro provincias

► **TEXTO: REDACCIÓN**  
FOTOS: ARQUIVO / D.P.

**D**esde o ano 2006 a Asociación Galega de Adopción e Acollemento, Manaia, realiza un labor moi importante, sendo unha entidade xa plenamente consolidada como punto de encontro, información e asesoramento para todas aquelas persoas que teñan realizado ou estén emprendendo o camiño da adopción e o acollemento na Comunidade Autónoma. A día de hoxe, a agrupación, cuxa sede principal se empra en Barrantes (Ribadumia), conta con máis de 120 familias afiliadas. Ademais, presta asesoramento a preto de 400 nas catro provincias.

Manaia vén de celebrar o seu 18 aniversario o pasado mes de maio, cun evento que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra e no que quedou patente a importancia do traballo que nese tempo leva desenvolvendo o colectivo. Entre as familias que forman parte de Manaia están as que se atopan en calquera fase do proceso de adopción como proxecto familiar, buscando, asemade, a convivencia das nenas e nenos adoptados e acollidos e as súas familias.

A asociación galega é un referente a nivel nacional, sendo a única entidade implicada directamente nun plan de acollemento familiar. Trátase de En Familia, unha iniciativa pensada para rapazas, rapaces e adolescentes que viven en centros de protección e que non dispoñen de alternativas familiares. Contribuír á mellora da súa calidade de vida, integrándolos nun contexto familiar seguro, estable e protector, é o obxectivo fundamental deste programa.

**ACTIVIDADES.** Son moitas as actividades que se impulsan desde Manaia. Entre elas, destaca o servizo de información sobre os procesos de adopción e acollemento, así como as iniciativas de apoio durante todo o devandito proceso, tanto anterior como posterior. Ademais, lévanse a cabo charlas, obradoiros e coloquios, sen esquecer a organización de encontros formativos e lúdicos entre as fami-



Pontevedra foi a cidade elixida por Manaia para celebrar os seus 18 anos de vida hai uns meses.



A asociación desenvolve durante todo o ano diferentes iniciativas e actividades.



## Fórmulas efectivas de colaboración coa Asociación Manaia

A Asociación Manaia leva practicamente dúas décadas desenvolvendo a súa actividade. O seu bo facer nun eido tan importante como é o da adopción e acollemento, ademais da gran variedade de servizos que presta en diferentes fases do proceso,

facilita que a agrupación conte actualmente con máis de 120 familias afiliadas.

En todo caso, tal e como sinalan desde a propia entidade, o feito de ser socio non é un requisito indispensable para prestar asesoramento a aquelas familias que requiran deste tipo de prestacións. Por outra banda, colectivo pontevedrés tamén mantén unha liña fluída de comunicación e colaboración con diferentes institucións públicas, algo chave para o seu labor.

## A ASOCIACIÓN ESTÁ A TRABALLAR NA ORGANIZACIÓN DO SEXTO CONGRESO GALEGO DE ADOPCIÓN

## A ENTIDADE IMPULSOU TAMÉN MANAIA MOZA, QUE SE CENTRA EN MOZOS E MOZAS TUTELADAS DE ENTRE 14 E 30 ANOS

lias adoptivas e acolledoras. Un dos eventos máis ambiciosos e que xa está plenamente consolidados é o Congreso Galego de Adopción, de carácter bianual, e que se celebrou por primeira vez en 2015. A asociación xa está a traballar na organización da sexta edición, que se desenvolverá en 2025, e que volverá a ser unha ferramenta imprescindible que serve para dar visibilidade a eses procesos adoptivos e de acollemento, achegando aos profesionais, estudantes e familias adoptantes galegas a realidade adoptiva de Galicia, provocando a reflexión e tentando ofrecer alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos. A día de hoxe, este congreso é unha ferramenta moi efectiva, como demostrou o gran número de asistentes que congrega edición tras edición. Outro proxecto co que a entidade do Salnés está volcada actualmente é con Manaia Moza, un colectivo 'filial' que se crea para dirixirse a persoas acollidas ou tuteladas de idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos. A través desta rama da asociación organizáanse iniciativas específicas para estes mozos e mozas. Recentemente veñen de colaborar na organización do I Encontro de Persoas Tuteladas.

**OBXECTIVOS BÁSICOS.** Estas propostas son decisivas á hora de poder cumprir cos obxectivos básicos da entidade. Precisamente, unha desas metas é facilitar ás familias todo tipo de información, formación, apoio e asesoramento sobre adopción e acollemento, independentemente da fase do proceso na que se atopan. Ademais, Manaia tamén pon na convivencia dos cativos, cativas e adolescentes acollidos. A colaboración coas administracións públicas, en aras de mellorar estes procesos adoptivos, é outro dos puntos máis destacados dentro da actividade que desenvolve o colectivo, así como o feito de promover a formación específica de todos os axentes que interveñen neste proceso ou no desenvolvemento da vida das persoas adoptadas.

COMPROMISO SOCIAL

construccionesramirez.com

RAMÍREZ  
CONSTRUCCIONES